



Concello da Laracha

Praza do Concello, s/n - 15145 A Laracha - A Coruña

Tif.: 981 605 001 / Fax: 981 606 331

Sede Electrónica: <https://sede.alaracha.es>

R.E.L. Nº 01150413

C.I.F. P-1504200-E

www.alaracha.es

BORRADOR DA ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DO PLENO DO CONCELLO DA LARACHA CELEBRADA O DÍA 31 DE XULLO DE 2020. (EXPEDIENTE 2020/G010/000006)

No salón da casa da Cultura do Concello da Laracha, sendo as 13:33 horas do día 31 de xullo de 2020, reuníronse previa convocatoria, en legal forma practicada, os Señores Concelleiros que se relacionan, baixo a Presidencia do Sr. Alcalde, D. José Manuel López Varela, e asistidos por min, o Secretario D. Miguel Piñeiro Souto e o interventor municipal Eduardo Mera Rico, ao obxecto de celebrar sesión ordinaria e pública, en primeira convocatoria. En cumprimento do disposto no artigo 38 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Corporacións Locais, aprobado polo Real Decreto 2568/86 do 28 de novembro, concorren debidamente convocados:

Señores Asistentes:

Presidente.- D. José Manuel López Varela (PP)

Concelleiros:

D. José Ramón Martínez Barbeito (PP)
Dna. Patricia Bello Canedo (PP)
Dna. Rocío López Rey (PP)
D. Jesús Souto Pena (PP)
D. Ramiro Bello Recouso (PP)
D. Xosé Alberto Blanco Veiga. (PP)
Dna. Begoña Domínguez Patiño. (PP)
Dna. Cristina Vieites Calvo. (PP)
Dna. Adelina Liste Monelos. (PP)
D. Pablo Cambón Bértoa(PP)
Dna. María Palomi Rodríguez Castiñeiras.(PSOE)
Dna. Alba Dolores Toba Ferreiro. (PSOE)
Dna. María Pilar Neira Martínez.(PSOE)
D. Xoán Manoel Sande Muñiz. (BNG)
Dna. Carolina Castiñeiras Brandón(BNG)

Non asiste: D. José Martínez Ageitos. (PSOE)

Comprobado que se da o quórum legalmente esixido para a válida celebración da sesión nos termos esixidos no artigo 90 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais aprobado por R.D. 2568/1986, de 28 de novembro, a Presidencia declara aberta a sesión na Casa da Cultura, para gardar as debidas distancias de seguridade. Aproveita para darlle a benvida ao novo secretario, desexándolle moita sorte polo ben dos veciños da Laracha.

Gardase un minuto de silencio polas 22 mulleres mortas no 2020 vítimas da violencia de xénero, e outro polas vítimas da COVID-19.

De seguido, tras unhas breves intervencións, acórdase realizar un recoñecemento a labor de Celestino Gago na praia de Caión, coordinado coa Subdelegación do Goberno, así como ao resto da xente de Caión que, ao longo dos anos, ven realizando xestos similares.



Concello da Laracha

Praza do Concello, s/n - 15145 A Laracha - A Coruña

Tif.: 981 605 001 / Fax: 981 606 331

Sede Electrónica: <https://sede.alaracha.es>

R.E.L. Nº 01150413

C.I.F. P-1504200-E

www.alaracha.es

Seguidamente pásase o estudo dos asuntos incluídos na orde do día:

1.- APROBACIÓN DO BORRADOR DA ACTAS DAS SESIÓNS ANTERIORES PENDENTES DE APROBACIÓN, CORRESPONDENTES ÁS SESIÓNS CELEBRADAS, CON CARÁCTER ORDINARIO O DÍA 29 DE MAIO DE 2020 E EXTRAORDINARIO, E O 15 DE XUÑO DE 2020.

Recibido polos membros do Pleno da Corporación o borrador das actas correspondentes ás sesións plenarias celebradas, con carácter ordinario, o día 29 de maio de 2020 e extraordinario, o día 15 de xuño de 2020, nos termos esixidos polo artigo 80.3 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais aprobado por R.D. 2568/1986, de 28 de novembro.

Aberto turno de debate a representante do PSOE, Dna. María Palomi Rodríguez Castiñeiras felicita a PP e BNG polos resultados obtidos nas Eleccións ao Parlamento Galego do 12 de xullo, xesto que o alcalde e o representante do BNG, D. Xoán Manoel Sande Muñiz, agradecen, e este último, a súa vez, felicita ao PP por gañar as ditas Eleccións.

Sen mais intervencións é sometido o borrador da acta a votación, este resulta aprobado por **unanimidade dos dezaseis (16) membros presentes**, D. José Manuel López Varela (PP), D. José Ramón Martínez Barbeito (PP), Dna. Patricia Bello Canedo (PP), Dna. Rocío López Rey (PP), D. Jesús Souto Pena (PP), D. Ramiro Bello Recouso (PP), D. Xosé Alberto Blanco Veiga. (PP), Dna. Begoña Domínguez Patiño. (PP), Dna. Cristina Vieites Calvo. (PP), Dna. Adelina Liste Monelos. (PP), D. Pablo Cambón Bértoa (PP), Dna. María Palomi Rodríguez Castiñeiras.(PSOE), Dna. Alba Dolores Toba Ferreiro. (PSOE), Dna. María Pilar Neira Martínez.(PSOE), D. Xoán Manoel Sande Muñiz. (BNG), Dna. Carolina Castiñeiras Brandón (BNG) o seguinte ACORDO:

PRIMEIRO. Aprobar o borrador das actas das sesións plenaria seguintes:

- 29 de maio de 2020
- 15 de xuño de 2020

SEGUNDO. Ordear a súa transcripción ao libro de actas de acordo ao disposto no art. 110.2 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais aprobado por R.D. 2568/1986, de 28 de novembro.

2.- DACIÓN DE CONTA DE RESOLUCIÓNS DE ALCALDÍA

Dáse conta das seguintes Resolucións de Alcaldía que estiveron a disposición dos Sres concelleiros para o seu coñecemento e toma de razón, conforme ao establecido na Lei 7/1985 de 2 de abril e no Real Decreto 2568/1986 de 28 de novembro:

- Resolucións da Alcaldía dende o número 363/2020 ata a número 541/2020 (ámbalas dúas inclusive) ditadas dende o 26/05/2020 ata o 27/07/2020.

3.- MOCIÓNS, ROGOS E PREGUNTAS.

3.1] MOCIÓN DO BNG, ESTRADA AC-400



Concello da Laracha

Praza do Concello, s/n - 15145 A Laracha - A Coruña

Tlf.: 981 605 001 / Fax: 981 606 331

Sede Electrónica: <https://sede.alaracha.es>

R.E.L. Nº 01150413

C.I.F. P-1504200-E

www.alaracha.es

D. Xoan Manuel Sande Muñiz (BNG) da lectura a moción na que solicita da Corporación Municipal en Pleno que *“inste á Xunta de Galiza a adopción de medidas encamiñadas a mellorar a seguridade da estrada AC-400 no cruce da mesma coa estrada provincial da Laracha á Canteira de Soandres.”*

Sométese a urxencia da inclusión do asunto na orde do día a votación, este resulta aprobado por **unanimidade dos dezaseis (16) membros presentes**, D. José Manuel López Varela (PP), D. José Ramón Martínez Barbeito (PP), Dna. Patricia Bello Canedo (PP), Dna. Rocío López Rey (PP), D. Jesús Souto Pena (PP), D. Ramiro Bello Recouso (PP), D. Xosé Alberto Blanco Veiga. (PP), Dna. Begoña Domínguez Patiño. (PP), Dna. Cristina Vieites Calvo. (PP), Dna. Adelina Liste Monelos. (PP), D. Pablo Cambón Bértoa (PP), Dna. María Palomi Rodríguez Castiñeiras.(PSOE), Dna. Alba Dolores Toba Ferreiro. (PSOE), Dna. María Pilar Neira Martínez.(PSOE), D. Xoán Manoel Sande Muñiz. (BNG), Dna. Carolina Castiñeiras Brandón (BNG).

O Sr Alcalde toma apalabra para sinalar que desde o grupo de goberno demandou á Xunta a realización e execución de obras nesa estrada. É un proxecto en marcha e espérase que sexa realizado o antes posible. Indica que debería ser unha actuación conxunta coa Deputación da Coruña e que é unha obra custosa polo desnivel do terreo.

Rematadas as intervencións sométese o asunto a votación, **resulta desestimado por maioría** ao obter once votos en contra de : Jose Manuel López Varela(PP), Rocío López Rey(PP) Jose Ramón Martínez Barbeito(PP), Patricia María Bello Canedo(PP), Jesús Souto Pena (PP), Cristina Vieites Calvo, (PP) Adelina Liste Monelos (PP) , Jose Alberto Blanco Veiga (PP) Ramiro Bello Recouso (PP) Pablo Cambón Bértoa (PP) Begoña Domínguez Patiño (PP) e cinco votos a favor de María Palomi Rodríguez Castiñeira (PSOE), Alba Dolores Toba Ferreiro (PSOE), María Pilar Neira Martínez(PSOE), D. Xoan Manuel Sande Muñiz (BNG) e Carolina Castiñeiras Brandon(BNG).

3.2] MOCIÓN DO BNG BLOQUEO DE FONDOS MUNICIPAIS POLO ESTADO.

D. Xoan Manuel Sande Muñiz (BNG) da lectura a moción, na que solicita: *“1. Instar á Xunta de Galiza a solicitar do goberno español a derogación da Lei de 2/2012, de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira para permitir ás entidades locais atender as competencias propias con cargo aos remanentes e/ou superávit, así como ampliar a capacidade de endebedamento das Administracións locais para afrontar os ditos gastos. 2. Que a interlocución do goberno do estado cos concellos galegos se establezca a través da FEGAMP, entidade na que están representados a totalidade dos concellos galegos e as catro deputacións provinciais.”*

Sométese a urxencia da inclusión do asunto na orde do día a votación, este resulta aprobado por **unanimidade dos dezaseis (16) membros presentes**, D. José Manuel López Varela (PP), D. José Ramón Martínez Barbeito (PP), Dna. Patricia Bello Canedo (PP), Dna. Rocío López Rey (PP), D. Jesús Souto Pena (PP), D. Ramiro Bello Recouso (PP), D. Xosé Alberto Blanco Veiga. (PP), Dna. Begoña Domínguez Patiño. (PP), Dna. Cristina Vieites Calvo. (PP), Dna. Adelina Liste Monelos. (PP), D. Pablo Cambón Bértoa (PP), Dna. María Palomi Rodríguez Castiñeiras.(PSOE), Dna. Alba Dolores Toba Ferreiro. (PSOE), Dna. María Pilar Neira Martínez.(PSOE), D. Xoán Manoel Sande Muñiz. (BNG), Dna. Carolina Castiñeiras Brandón (BNG).



Concello da Laracha

Praza do Concello, s/n - 15145 A Laracha - A Coruña

Tlf.: 981 605 001 / Fax: 981 606 331

Sede Electrónica: <https://sede.alaracha.es>

R.E.L. Nº 01150413

C.I.F. P-1504200-E

www.alaracha.es

O Sr alcalde toma a palabra indicando que é un tema que lle preocupa ao grupo de goberno e que van a presentar unha emenda transaccional. Dá lectura á mesma, na cal se insta ao goberno de España a:

“1. Respetar e garantir a autonomía que a Constitución Española e as leis outorgan ás entidades locais para a xestión dos seus recursos, para a xestión do diñeiro público que é de todos e cada un dos españois, non dun goberno en concreto.

2. Atender as demandas das entidades locais, especialmente a referida á flexibilización da regra de gasto e resto de regras contidas na Lei Orgánica de Estabilidade Orzamentaria e Sustentabilidade Financeira (LOEPSF) para que poidan dispoñer do 100% os seus remanentes de tesourería para a loita contra os negativos efectos do COVID-19.

3. Que si pretenden modificar algunha das leis que afectan á autonomía, facenda ou estabilidade financeira das entidades locais valide ditas modificacións no Congreso dos Deputados ou ante os órganos de goberno da FEMP, lexítimos representantes das entidades locais e dos españois.

4. Que o Ministerio de Facenda cumpra coa totalidade do acordo consensuado por todas as forzas políticas, incluído o Partido Socialista, no seo da Federación Española de Municipios e Provincias.”

A medida do grupo de goberno é que os Remanentes son fondos que lle correspondes aos veciños e ningunha outra administración os pode utilizar para xustificar débeda ante a Unión Europea ou quen seña.

D. Xoan Manoel Sande Muñiz, indica que o BNG votará en contra da emenda porque haberá que derogar a lei 2/2012. E critica que derive do pacto entre o PP e o PSOE tras a reforma da Constitución Española.

Dna. Palomi Rodríguez Castiñeira indica que o seu grupo, o PSOE, presentou no día de onte, 30 de xullo de 2020, unha emenda á moción do PP, na que solicitaba o seguinte: **“Emenda de modificación Débase modificar a parte resolutiva da moción que quedará redactada co seguinte contido: “O Concello de A Laracha insta a Xunta de Galicia para que demande do Goberno de España: 1. Modificar a lexislación para que todas as entidades locais poidan facer uso libre dos seus remanentes de tesourería. 2. Mellorar o sistema de financiación local en coordinación coa FEMP e a FEGAMP.”**

Rematadas as intervencións sométese a moción enmendada polo grupo municipal do PP a votación, **resulta aprobado por maioría** ao obter once votos a favor de : Jose Manuel López Varela(PP), Rocío López Rey(PP) Jose Ramón Martínez Barbeito(PP), Patricia María Bello Canedo(PP), Jesús Souto Pena (PP), Cristina Vieites Calvo, (PP) Adelina Liste Monelos (PP) , Jose Alberto Blanco Veiga (PP) Ramiro Bello Recouso (PP) Pablo Cambón Bértoa (PP) Begoña Domínguez Patiño (PP) e cinco votos en contra de María Palomi Rodríguez Castiñeira (PSOE), Alba Dolores Toba Ferreiro (PSOE), María Pilar Neira Martínez(PSOE), D. Xoan Manuel Sande Muñiz (BNG) e Carolina Castiñeiras Brandon(BNG) o seguinte ACORDO:

“1. Respetar e garantir a autonomía que a Constitución Española e as leis outorgan ás entidades locais para a xestión dos seus recursos, para a xestión do diñeiro público que é de todos e cada un dos españois, non dun goberno en concreto.

2. Atender as demandas das entidades locais, especialmente a referida á flexibilización da regra de gasto e resto de regras contidas na Lei Orgánica de Estabilidade Orzamentaria e Sustentabilidade Financeira (LOEPSF) para que poidan dispoñer do 100% os seus remanentes de tesourería para a loita contra os negativos efectos do COVID-19.



Concello da Laracha

Praza do Concello, s/n - 15145 A Laracha - A Coruña

Tlf.: 981 605 001 / Fax: 981 606 331

Sede Electrónica: <https://sede.alaracha.es>

R.E.L. Nº 01150413

C.I.F. P-1504200-E

www.alaracha.es

3. *Que si pretenden modificar algunha das leis que afectan á autonomía, facenda ou estabilidade financeira das entidades locais valide ditas modificacións no Congreso dos Deputados ou ante os órganos de goberno da FEMP, lexítimos representantes das entidades locais e dos españois.*

4. *Que o Ministerio de Facenda cumpra coa totalidade do acordo consensuado por todas as forzas políticas, incluído o Partido Socialista, no seo da Federación Española de Municipios e Provincias.”*

3.3] MOCIÓN DO PSOE SOBRE A FENDA DIXITAL

Dna. Palomi Rodríguez Castiñeira (PSOE) dá lectura a moción presentada na cal se solicita que:

“O Concello de A Laracha insta a Xunta de Galicia a:

Aprobar un plan para reducir a fenda dixital e de aprendizaxe, no marco das súas competencias autonómicas, que axude a superar as desigualdades existentes garantindo a equidade e calidade do noso sistema educativo, asegurando a continuidade educativa a distancia do noso alumnado para que siga aprendendo nas mellores condicións posibles.”

O sr. Alcalde toma a palabra indicando que todo o que sexan melloras educativas benvido sería e que debería ser debate profundo no seno do Parlamento de Galicia, no que os Concellos terían que aportar o seu punto de vista xunto coa FEGAMP. Respecto ao tema de internet e banda ancha, estanse a realizar as obras para instalala en 50 núcleos do Concello.

Sométese a urxencia da inclusión do asunto na orde do día a votación, este resulta aprobado por **unanimidade dos dezaseis (16) membros presentes**, D. José Manuel López Varela (PP), D. José Ramón Martínez Barbeito (PP), Dna. Patricia Bello Canedo (PP), Dna. Rocío López Rey (PP), D. Jesús Souto Pena (PP), D. Ramiro Bello Recouso (PP), D. Xosé Alberto Blanco Veiga. (PP), Dna. Begoña Domínguez Patiño. (PP), Dna. Cristina Vieites Calvo. (PP), Dna. Adelina Liste Monelos. (PP), D. Pablo Cambón Bértoa (PP), Dna. María Palomi Rodríguez Castiñeiras.(PSOE), Dna. Alba Dolores Toba Ferreiro. (PSOE), Dna. María Pilar Neira Martínez.(PSOE), D. Xoán Manoel Sande Muñiz. (BNG), Dna. Carolina Castiñeiras Brandón (BNG).

Dna. Palomi Rodríguez Castiñeira volve a tomar a palabra para dicir que si que houbo un anuncio de que no 2020/2021 haberá fibra óptica no Concello.

O alcalde indica que está publicado nos Boletíns Oficiais e aclara que se está a traballar neste punto en 50 núcleos do Concello. No tema da telefonía móbil, desde o Concello puxémonos en contacto coa AMTEGA para poñer en coñecemento se existen empresas que poden prestar o servizo que ofrecen. A nosa obrigaçión é demandar servizos, pero é un tema que lle corresponde á Consellería.

A representante do PSOE indica que hai que prepararse para outra situación imprevisible, porque poderíamos volver ao confinamento, ao que o alcalde responde que existen unha gran fonte de financiamento para facer fronte a esta situación.

Rematadas as intervencións sométese o asunto a votación, **resulta desestimado por maioría** ao obter cinco votos a favor de María Palomi Rodríguez Castiñeira(PSOE) Alba Dolores Toba Ferreiro (PSOE) José Martínez Ageitos (PSOE), María Pilar Neira Martínez(PSOE) D. Xoan Manuel Sande Muñiz (BNG) e Carolina Castiñeiras Brandon(BNG) e once en contra de de : Jose Manuel López



Concello da Laracha

Praza do Concello, s/n - 15145 A Laracha - A Coruña

Tif.: 981 605 001 / Fax: 981 606 331

Sede Electrónica: <https://sede.alaracha.es>

R.E.L. Nº 01150413

C.I.F. P-1504200-E

www.alaracha.es

Varela(PP), Rocío López Rey(PP) Jose Ramón Martínez Barbeito(PP), Patricia María Bello canedo(PP), Jesús Souto Pena (PP), Cristina Vieites Calvo, (PP) Adelina Liste Monelos (PP) , Jose Alberto Blanco Veiga (PP) Ramiro Bello Recouso (PP) Pablo Cambón Bértoa (PP) Begoña Domínguez Patiño (PP).

3.4] MOCIÓN DO PSOE:.

Dna. Palomi Rodríguez Castiñeira da lectura á moción, na cal:

“o Grupo Municipal Socialista eleva ao Pleno esta moción e presenta para o seu debate e posterior aprobación, si procede, o seguinte ACORDO:

- 1. O Concello de A Laracha insta a Xunta de Galicia a retirada do actual protocolo e a apertura de canles de diálogo coa comunidade educativa que permitan consensuar un documento que conte co aval conxunto da Administración máis o dos membros da comunidade educativa.*
- 2. O Concello de A Laracha insta a dirixirse á Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional á inversión suficiente en recursos humanos e materiais para asegurar a necesaria seguridade física e psicolóxica do alumnado e profesorado, así como na obrigatoria minimización para a comunidade educativa e o resto da poboación.*
- 3. O Concello de A Laracha insta a dirixirse á Consellería de Sanidade a que cree un departamento (que responda de xeito eficaz ás necesidades existentes) de inspección, coordinación e asesoramento de centros ao igual que o hai para a Consellería de Política Social.”*

Sométese a urxencia da inclusión do asunto na orde do día a votación, este resulta aprobado por **unanimidade dos dezaseis (16) membros presentes**, D. José Manuel López Varela (PP), D. José Ramón Martínez Barbeito (PP), Dna. Patricia Bello Canedo (PP), Dna. Rocío López Rey (PP), D. Jesús Souto Pena (PP), D. Ramiro Bello Recouso (PP), D. Xosé Alberto Blanco Veiga. (PP), Dna. Begoña Domínguez Patiño. (PP), Dna. Cristina Vieites Calvo. (PP), Dna. Adelina Liste Monelos. (PP), D. Pablo Cambón Bértoa (PP), Dna. María Palomi Rodríguez Castiñeiras.(PSOE), Dna. Alba Dolores Toba Ferreiro. (PSOE), Dna. María Pilar Neira Martínez.(PSOE), D. Xoán Manoel Sande Muñiz. (BNG), Dna. Carolina Castiñeiras Brandón (BNG).

O alcalde indica que o PP vai presentar unha emenda transaccional á Moción na que solicita:

“Instar á Xunta de Galicia a garantir a total seguridade sanitaria nos centros educativos para o vindeiro curso 20-21, a través do cumprimento dunha normativa específica acorde á realidade dos centros educativos de Galicia.

Instar á Xunta de Galicia a poñer en marcha todas as medidas precisas para garantir a maior normalidade nas aulas e para a establecer a mellor situación posible para a consecución dos obxectivos académicos marcados para o curso 20-21, con especial énfase no coidado do benestar emocional de todo o alumnado na volta ás aulas”

O alcalde toma a palabra dicindo que hai un Protocolo da Xunta de Galicia que foi presentado e consensuado coa Xunta Autonómica de Directores de centros de ensino non universitario de Galicia, no cal se busca a seguridade do alumnado e profesores polo que é absurdo instar a traballar en algo que xa se está a facer baixo un rigoroso criterio sanitario e educativo. Indica que é un tema delicado e que esperamos non volver a caer en novos brotes que asegure á volta ás aulas.



Concello da Laracha

Praza do Concello, s/n - 15145 A Laracha - A Coruña

Tlf.: 981 605 001 / Fax: 981 606 331

Sede Electrónica: <https://sede.alaracha.es>

R.E.L. Nº 01150413

C.I.F. P-1504200-E

www.alaracha.es

Xoan Manoel Sande Múñiz sinala que está a favor do texto do PSOE sobre todo para consensuar o texto.

O alcalde contesta que hai dúas liñas, a sanitaria e a académica, pero o Protocolo pretende que resolvan ambas sen problema.

Rematadas as intervencións sométese a emenda transaccional á votación, a cal **resulta aprobada por maioría** ao obter once votos a favor de : Jose Manuel López Varela(PP), Rocío López Rey(PP) Jose Ramón Martínez Barbeito(PP), Patricia María Bello Canedo(PP), Jesús Souto Pena (PP), Cristina Vieites Calvo, (PP) Adelina Liste Monelos (PP) , Jose Alberto Blanco Veiga (PP) Ramiro Bello Recouso (PP) Pablo Cambón Bértoa (PP) Begoña Domínguez Patiño (PP) e cinco votos en contra de María Palomi Rodríguez Castiñeira (PSOE), Alba Dolores Toba Ferreiro (PSOE), María Pilar Neira Martínez(PSOE), D. Xoan Manuel Sande Muñiz (BNG) e Carolina Castiñeiras Brandon(BNG) o seguinte ACORDO:

PRIMEIRO.-Instar á Xunta de Galicia a garantir a total seguridade sanitaria nos centros educativos para o vindeiro curso 20-21, a través do cumprimento dunha normativa específica acorde á realidade dos centros educativos de Galicia.

SEGUNDO.- Instar á Xunta de Galicia a poñer en marcha todas as medidas precisas para garantir a maior normalidade nas aulas e para a establecer a mellor situación posible para a consecución dos obxectivos académicos marcados para o curso 20-21, con especial énfase no coidado do benestar emocional de todo o alumnado na volta ás aulas”

3.5] MOCIÓN DO PP: MOCIÓN PARA INSTAR Ó GOBERNO DE ESPAÑA A NON APROPIARSE DOS RECURSOS DAS ENTIDADES LOCAIS

O sr. Alcalde dá lectura a moción presentada polo PP na cal se insta ao Goberno de España a:

“1. Respetar e garantir a autonomía que a Constitución Española e as leis outorgan ás entidades locais para a xestión dos seus recursos, para a xestión do diñeiro público que é de todos e cada un dos españois, non dun goberno en concreto.

2. Atender as demandas das entidades locais, especialmente a referida á flexibilización da regra de gasto e resto de regras contidas na Lei Orgánica de Estabilidade Orzamentaria e Sustentabilidade Financeira (LOEPSF) para que poidan dispoñer do 100% os seus remanentes de tesourería para a loita contra os negativos efectos do COVID-19.

3. Que si pretenden modificar algunha das leis que afectan á autonomía, facenda ou estabilidade financeira das entidades locais valide ditas modificacións no Congreso dos Deputados ou ante os órganos de goberno da FEMP, lexítimos representantes das entidades locais e dos españois.

4. Que o Ministerio de Facenda cumpra coa totalidade do acordo consensuado por todas as forzas políticas, incluído o Partido Socialista, no seo da Federación Española de Municipios e Provincias.”

Sométese a urxencia da inclusión do asunto na orde do día a votación, este resulta aprobado por **unanimidade dos dezaseis (16) membros presentes**, D. José Manuel López Varela (PP), D. José Ramón Martínez Barbeito (PP), Dna. Patricia Bello Canedo (PP), Dna. Rocío López Rey (PP), D. Jesús Souto Pena (PP), D. Ramiro Bello Recouso (PP), D. Xosé Alberto Blanco Veiga. (PP), Dna. Begoña Domínguez Patiño. (PP), Dna. Cristina Vieites Calvo. (PP), Dna. Adelina Liste Monelos. (PP), D. Pablo Cambón Bértoa (PP), Dna. María Palomi Rodríguez Castiñeiras.(PSOE), Dna. Alba



Concello da Laracha

Praza do Concello, s/n - 15145 A Laracha - A Coruña

Tif.: 981 605 001 / Fax: 981 606 331

Sede Electrónica: <https://sede.alaracha.es>

R.E.L. Nº 01150413

C.I.F. P-1504200-E

www.alaracha.es

Dolores Toba Ferreiro. (PSOE), Dna. María Pilar Neira Martínez.(PSOE), D. Xoán Manoel Sande Muñiz. (BNG), Dna. Carolina Castiñeiras Brandón (BNG).

Toma a palabra Xoan Manoel Sande Múñiz para insistir na necesidade da da derogación da lei do 2012 e antiticipar a abstención do seu grupo motivado en que parte da moción xa foi aprobada neste mesmo pleno.

Dona María Palomi Rodríguez Castiñeira(PSOE) sinala que débese modificar a parte resolutiva da moción que quedará redactada co seguinte contido:

“O Concello de A Laracha insta a Xunta de Galicia para que demande do Goberno de España:

- 1. Modificar a lexislación para que todas as entidades locais poidan facer uso libre dos seus remanentes de tesourería.*
- 2. Mellorar o sistema de financiación local en coordinación coa FEMP e a FEGAMP.”*

Porén solicita enmendar a moción sobre os seguintes argumentos: como se di na Exposición de motivos o Presidente do Goberno decretou o estado de alarma e, posteriormente, o Presidente Feijoo o estado de alarma sanitaria, logo de ir a remolque. De seguido da conta das actuación realizadas neste meses polo goberno central, medidas sociais como ERTES ou de reactivación económica, polo que, conclúe, o goberno non incauta o diñeiro dos Concellos o que fai é asumir máis déficit para que os Concellos poidan gastar máis, en definitiva, non se pode argumentar o contido da moción.

O sr. Alcalde toma a palabra indicando que hai que ter visión municipalista, que lle parece unha burla a inxenería económica de facer un préstamo ao Estado co Remanente que teñen os Concellos cando estes serían soberanos para decidir en que gastar os cartos. Os Concellos necesitan que dunha vez, o Goberno se poña a traballar nun novo reparto de fondos. A Administración Local sempre somos os últimos da cola. Todos os días entran veciños reclamando servizos, vías, saneamento...Pero chega unha pandemia e o primeiro que ten que actuar é o Concello: prestarlle cartos ao Estado paréceme “un vacile”, cando o Estado pretende reclamar á PTE (participación nos tributos do Estado). Tamén vai haber un incremento de impostos, polo que non podemos apoiar esta emenda. Os veciños elixíronnos a nos para administrar os seus cartos.

Xoan Manoel Sande insiste que esta situación é consecuencia da Lei de 2012 e de lexislar para os bancos por parte do PP e do PSOE. Os bancos por riba de cobrar abusivamente aos cidadáns, agora quere cobrar aos Concellos.

Rematadas as intervencións sométese a votación moción presentada polo PP, a cal **resulta aprobada por maioría** ao obter once votos a favor de : Jose Manuel López Varela(PP), Rocío López Rey(PP) Jose Ramón Martínez Barbeito(PP), Patricia María Bello Canedo(PP), Jesús Souto Pena (PP), Cristina Vieites Calvo, (PP) Adelina Liste Monelos (PP) , Jose Alberto Blanco Veiga (PP) Ramiro Bello Recouso (PP) Pablo Cambón Bértoa (PP) Begoña Domínguez Patiño (PP) dous votos en contra de María Palomi Rodríguez Castiñeira (PSOE) e, María Pilar Neira Martínez(PSOE), e as abstencións de D. Xoan Manuel Sande Muñiz (BNG) e Carolina Castiñeiras Brandon(BNG).

- ROGOS E PREGUNTAS.

ROGO DO BNG: ARRANXO PISTA FORESTAL PRIORATO.



Concello da Laracha

Praza do Concello, s/n - 15145 A Laracha - A Coruña

Tif.: 981 605 001 / Fax: 981 606 331

Sede Electrónica: <https://sede.alaracha.es>

R.E.L. Nº 01150413

C.I.F. P-1504200-E

www.alaracha.es

D. Xoan Manoel Sande Múñiz dá lectura ao rogo presentado polo partido ó que representa, no cal se solicita *“o arranxo da pista forestal que hai ao pasar o lugar do Priorato pola estrada que vai a Encián (a primeira á dereita), ou a súa inclusión nalgún dos plans da Consellería de Medio Rural.”*

O Sr. Alcalde sinala que é moi difícil arranxala polo desmonte que hai, polo que, ou se fai unha gran actuación ou vanse facendo pequenas cousas.

ROGO DO BNG: ACCESIBILIDADE CENTRO SOCIAL DE ERBOEDO

D. Xoan Manoel Sande Múñiz dá lectura ao rogo presentado polo partido ó que representa, no cal se solicita: *“a instalación dunha rampla de acceso na entrada do centro social de Erboedo e a instalación así mesmo de varandas de apoio tanto na que se instale como nas escaleiras existentes”*

O sr. Alcalde indica que está totalmente de acordo. Estudiarase por onde é mais práctico suprimir esa barreira arquitectónica.

ROGO GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA ESTRADA AREOSA

Dona María Palomi Rodríguez Castiñeira (PSOE) da lectura ao rogo presentado polo PSOE en relación a varias obras na rede viaria na parroquia de Vilaño, en concreto nas estradas de Vista Alegre-A Barreira, A Barreira-A Ribela, A Areosa-Amboade e tamén no camiño de A Areosa que dá acceso ao lavadoiro. Indícase que *“esta actuación comezou a primeiros do mes de marzo, e con data 31 de marzo anúnciase a suspensión de varias obras polo estado de alarma creado neste país. Pódese observar, a través das fotos adxuntas, como quedou a estrada da Areosa, e logo de dous meses aínda non hai visos de que se arranxe esta estrada polo que **ROGO**: que por parte desa alcaldía se retome, o antes posible, a execución das obras desta estrada.”*

O sr. Alcalde responde que o pavimento está ben, non é o mesmo que un aglomerado, nótase un pouco o entronque, pero está ben.

Dona María Palomi Rodríguez Castiñeira engade que ao chover o sumidoiro está atascado.

ROGO GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA: FONTE NO LUGAR DO QUINTO

Dona María Palomi Rodríguez Castiñeira(PSOE) da lectura ao rogo, no cal se solicita que *“por parte da Alcaldía, tal e como se indica nos requirimentos enviados a todos aqueles propietarios/as de fincas que non desbrocen nin limpen as súas fincas se lles aplique a sanción marcada pola normativa e, no caso de que non se realice a limpeza que actúe o Concello de xeito subsidiaria e que se actúe do mesmo xeito no caso desta finca situada no Quinto, no Cancelo do Medio. A súa vez, se tomen as medidas oportunas, para unha maior limpeza e coidado da fonte situada no mesmo lugar.”*

O sr. Alcalde contesta que se fará a limpeza das fontes que se utilicen coas cuadrillas de limpeza contratadas polo Concello.

ROGO GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA: LAVADOIRO AREOSA.



Concello da Laracha

Praza do Concello, s/n - 15145 A Laracha - A Coruña

Tlf.: 981 605 001 / Fax: 981 606 331

Sede Electrónica: <https://sede.alaracha.es>

R.E.L. Nº 01150413

C.I.F. P-1504200-E

www.alaracha.es

Dona María Palomi Rodríguez Castiñeira(PSOE) da lectura ao rogo relacionado co Lavadoiro situado no lugar de Areosa, en vilaño no cal se solicita: *“que por parte desa alcaldía, e de forma inmediata, se tomen as medidas oportunas de limpeza e desinfección do mencionado lavadoiro así como o pertinente mantemento periódico unha vez sexa rehabilitado.”*

O sr. Alcalde insiste en que se revisará coas cuadrillas de limpeza pero sinala que é imposible ir día si día non, xa que hai 15 fontes en cada parroquia...conclúe que o van mirar , pero non se omprmete a limpar como si fose unha casa particular todos os días.

PREGUNTAS DO GRUPO MUNICIPAL DO BNG

A) MALEZA

Pregúntase si adoptou ou vai adoptar o goberno municipal as medidas oportunas para a eliminación de maleza nese espazo do casco urbano da Laracha.

O Sr Alcalde contesta que hai moitísimas notificacións en casco urbane parroquias e que xa están cortados castaños e posteriormente van limpar as fincas.

B) CONTEDORES PAPEL

D. Xoan Manoel Sande Múñiz fai a seguinte pregunta relacionada cos contedores de papel e cartón nalgúnhas zonas fundamentalmente do casco urbano da Laracha: *vai adoptar algunha iniciativa o goberno municipal para incrementar a frecuencia de recollida de papel e cartón, e no caso de que iso non sexa posibel vai adoptar de máis contedores aqueles lugares onde é habitual que se atopen desbordados?*

O sr. Alcalde responde que agora mesmo estanse realizando os pregos para a nova contratación do servizo de limpeza viaria e punto limpo. Vaise cambiar o sistema de recollida. O Concello recollerá o cartón e o levará a un xestor autorizado.

C) OBRAS NA RÚA RAMÓN CABANILLAS

D. Xoan Manoel Sande Múñiz fai a seguinte pregunta relacionada coas obras realizadas na Rúa Ramón Cabanillas no casco urbano da Laracha: *por qué motivo non se levaron a cabo as obras de pavimentación e recollida de pluviais na rúa Ramón Cabanillas (antes 3ª Travesía de López Astray)? Ten previsto o goberno municipal levar a cabo ditas obras tan necesarias?*

O sr. Alcalde responde que a obra está adxudicada, estase co replanteo para concretar servizos antes de asfaltar. Hai pluviais que retrasaron a pavimentación.

PREGUNTAS DO GRUPO MUNICIPAL DO PSOE

A) FENDA DIXITAL



Dona María Palomi Rodríguez Castiñeira fai as seguintes preguntas relacionadas coa fenda social no acceso a internet do Concello da Laracha:

- 1. Ten detectado o Goberno municipal fenda social no acceso a internet en A Laracha? En que ámbitos ou áreas? En que núcleos/parroquias?*
- 2. Que ten feito dende a declaración do estado de alarma ata o día de hoxe o Goberno municipal para solucionar este problema de desigualdade social?*
- 3. Con que tipo de axudas van poder contar os alumnos e alumnas dos centros educativos da Laracha afectados pola falla ou deficiencia de conexión a internet? Barallaron a posibilidade de que os nosos nenos e nenas poidan contar con recursos informáticos como pinchos con datos, routers, aluguer de aparatos ou outros recursos?*

O sr. Alcalde contesta que o Concello o único que pode facer é ser transmisor das queixas dos veciños e dar traslado a ANTEGA...primeiro será ver as necesidades e despois as posibilidades porque nonpode ser barra libre apra todos, independentemente das axudas as familias cando o determinen os servizos sociais

B) PARQUES INFANTÍS

Dona María Palomi Rodríguez Castiñeira fai a seguinte pregunta relacionada coas medidas de hixiene dos parques infantís: *Á vista está que os parques infantís non contan con dispensadores de xeles hidroalcolicos ou desinfectantes como recomenda a Xunta de Galicia, ten pensado o Goberno municipal dotar aos parques infantís dos xeles hidroalcolicos e de sinalización diante do parques infantís advertindo do aforo?*

O sr alcalde resposta que os parques estanse desinfectando e, en canto ao xel hidroalcolico, non é prezo dos dispensadores, se non o pouco que iban a durar nos 18 parques que hai no Concello e matiza que o do xel hidroalcolico é unha recomendación non unha obrigación. Hai que ter en conta o vandalismo. Pídese colaboración ás familias que fagan uso dos parques...o que non pode haber é un policía por cada cidadán.

C) RELACIÓN DE REDES DE FIBRA ÓPTICA

En relación a esta pregunta, Dona María Palomi Rodríguez Castiñeira, fai referencia ao falado anteriormente nesta sesión, de que xa estaban publicadas no BOP.

REMATE DA SESIÓN.-

O alcalde cerra a sesión do Pleno desexando saúde e un bo verán a todos.

Non sendo outro o obxecto da sesión e non habendo máis asuntos a tratar, sendo as 14.55 horas do día xa expresado, o Sr. Presidente levanta a sesión, agradecendo a asistencia sesión convocada de urxencia, estendéndose de todo isto a presente acta da que eu, Secretario, dou fé.

O Secretario,

O Sr. Alcalde-presidente,